

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ESTRADA, A

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

A N U N C I O

Elevado a definitivo o acordo plenario do 7 de abril de 2022, de modificación do apartado 2 do artigo 6 da ordenanza fiscal do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, ao non terse presentado reclamacións durante o prazo anunciado no B.O.P. do 22 do dito mes, faise publico o texto íntegro do artigo modificado, en cumprimento do disposto nos parágrafos 3 e 4 do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004.

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

<< Artigo 6. Bonificacións

1. Gozarán dunha bonificación do 100 por cento na cota os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados dende a data da súa fabricación, tomándose como tal, se esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

Esta bonificación declararase de oficio pola Administración tributaria competente, de acordo coa información sobre a antigüidade do vehículo existente nos rexistros da Dirección Xeral de Tráfico.

2. Establécense as seguintes bonificacións en razón da incidencia dos vehículos no medio ambiente, atendendo ás características do motor e á clase de carburante que consten nos rexistros da Dirección Xeral de Tráfico:

a) Do 75 por cento, durante os 5 anos naturais contados dende a data de primeira matriculación, ao respecto dos vehículos máis eficientes, provistos do distintivo ambiental 0 emisiones, clasificados como: eléctricos de batería (BEV), eléctricos híbridos enchufables (PHEV), eléctricos de autonomía estendida (REEV) cunha autonomía mínima de 40 km, ou vehículos de pila de combustible.

b) Do 50 por cento, durante os 5 anos naturais contados dende a data de primeira matriculación, ao respecto dos vehículos clasificados como: vehículos de gas licuado de petróleo (GLP), gas natural comprimido, gas natural licuado, hidróxeno, biometano, etanol, ou biodiesel.



Martes, 12 de xullo de 2022

Núm. 132

c) Do 50 por cento, durante os 5 anos naturais contados dende a data de primeira matriculación, ao respecto dos vehículos clasificados como: vehículos eléctricos enchufables con autonomía inferior a 40 km, ou híbridos non enchufables (HEV).

As bonificacións deste apartado deberán solicitálas os suxeitos pasivos mediante instancia dirixida ao órgano competente, achegando, xunto ao permiso de circulación, a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías indicadas.

Os beneficios desta natureza solicitados antes de que a liquidación correspondente adquira firmeza concederanse con efectos do período impositivo en que se solicitaron, sempre que na data de devengo concorresen os requisitos legalmente esixibles para o seu disfrute. >>

A presente modificación entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do 1º de xaneiro de 2023.

O ALCALDE, José C. López Campos

[ASINADO ELECTRONICAMENTE AO MARXE]

Contra o presente acordo, dacordo o previsto no artigo 19 da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por RDL 2/2004 de 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do seguinte a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

